


DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS DE IDADE



A nova residencia de O Milladoiro abriu as súas portas o pasado luns 16 de setembro. // Cedida



Entre a multitude de servizos está o de fisioterapia. // Cedida

“Somos unha residencia familiar”

Paula Guzmán, codirectora da residencia ‘Maiores Milladoiro’, o primeiro centro de Ames, explica a necesidade de valorar e recoñecer ás persoas maiores no día a día

ANXO BENTRÓN [O MILLADOIRO]

O pasado luns 16 de setembro, abriu as súas portas ‘Maiores Milladoiro’, convertíndose así no primeiro centro destas características no Concello de Ames.

Só dúas semanas despois da súa apertura, a residencia, de xestión privada e que ten unha capacidade para 59 persoas, conta xa con 20 usuarios. Uns residentes que, ao igual que os seus familiares, non dudan en destacar a natureza e o enfoque hogareño do centro. “Os familiares e os propios residentes dinnos que somos unha residencia familiar”, sinala Paula Guzmán, codirectora de ‘Maiores Milladoiro’.

A boa acollida á residencia maiana responde, principalmente, á busca de que os residentes “se sintan como en casa”: “Queremos que estean a gusto aquí, ao final tamén temos esa parte de función social”. Algo que non é exclusivo da residencia do Milladoiro, se non que é común a todas, xa que as residencias teñen un papel importante: “As residencias temos un papel importante porque as familias saben que aquí están vixiados 24 horas e que somos centros abertos ás propias familias”.

Un sinfín de servizos

O éxito inicial do centro parece residir tamén nunha combinación de atención personalizada e servizos. Como explica Paula Guzmán, a residencia ‘Maiores Milladoiro’ dispón “de todas as comodidades para facer da estancia a mellor po-



Interior da residencia ‘Maiores Milladoiro’. // Cedida

sible”. Deste xeito, conta cunha serie de servizos sanitarios para garantir a seguridade dos residentes. Para iso contan con médico no centro, enfermería, fisioterapia e rehabilitación, podoloxía, hospitalización a domicilio e unidade de psiquiatría.

Ademais, os servizos cos que conta o centro non son exclusivos do ámbito sanitario, xa que se lles facilita aos residentes unha serie de servizos para que “sintan que a residencia é como o seu fogar”. Así, no centro contase cun traballador social, transporte adaptado, salón de peiteado, limpeza e la-

“É MOI IMPORTANTE QUE NOS ACORDEMOS DÍA A DÍA DE QUE HAI VECES QUE TEMOS UN FAMILIAR QUE ESTÁ OU SE SINTE SÓ”

vandería propia, animación, acompañamento a hospitais, aula multimedia, conexión a internet, un amplo programa de actividades, excursións e eventos coas familias. Unhas actividades que te-

ñen un obxectivo claro como é “fomentar un envellecemento activo e saudable”. Algo que como recorda Paula Guzmán é “moi positivo e necesario”.

Un envellecemento digno

Hoxe, 1 de outubro, celébrase o Día Internacional das Persoas de Idade, unha data na que se busca concienciar e recoñecer a este sector da poboación, como son as persoas maiores. Sin embargo, a pesar de sinalar a importancia de celebrar un día así, para Paula Guzmán, isto non debería ser úni-

co dun día: “É moi importante que reflexemos o día das persoas de idade, pero é moi importante que nos acordemos día a día de que hai veces que temos un familiar que está ou se sente só. É necesario recoñecelas todos os días porque si que é verdade que é un problema que está ahí”.

Este ano, a 34ª vez que se celebra, o lema do Día Internacional das Persoas de Idade é ‘Envellecer con dignidade: reforzar os sistemas de atención e asistencia das persoas en todo o mundo’, unha frase que ten un significado tan básico coma “poder decidir como queres envellecer”, como explica a codirectora da nova recente do Milladoiro: “ao final é iso, dependendo da calidade de vida de cada un decidir como vivir, como dinamizarte ou que facer”.

Valorar aos maiores

Para Paula Guzmán, un dos principais aspectos nos que ten que mellorar a sociedade é en “poñer aos maiores moito máis do que o facemos”, algo que non sempre ocorre deste xeito. “Ao final fixeron todo por nós e nós tamén imos ser maiores. E é que somos o que somos grazas a eles, grazas aos nosos maiores”, engadiu. E é que a veces o único que necesitamos é pensar e pasar tempo cos nosos maiores: “A vida pasa demasiado deprisa, pero temos que ter a capacidade de pararnos un pouco a pensar e intentar dedicarlles 10 minutos, que para nós non é nada, pero para eles significa moito”.

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS DE IDADE

As residencias que coidan aos nosos maiores

Os centros de La Paz, O Castro ou Puentevea son tres das opcións máis destacadas para a atención das persoas maiores

ANXO BENTRÓN [SANTIAGO]

Con motivo da celebración do Día Internacional das Persoas de Idade, ponse de manifesto a importancia de reforzar os sistemas de atención e coidados para as persoas maiores, así como o papel fundamental que desempeñan as residencias nestes cometidos.

Segundo os datos do INE, no ano 2023 Galicia era a segunda comunidade de España máis envellecida, só por detrás de Asturias. E é que a comunidade galega contaba cunha taxa do 218%, é dicir, contabilizáanse 218 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16. Con este aumento da idade, a demanda de servizos de coidados para os máis maiores aumentou significativamente nos últimos anos.

Proba disto é que en Galicia hai na actualidade máis de 300 residencias repartidas por toda a comunidade. Deste xeito, en centros como a Residencia La Paz en Outes, a Residencia O Castro en Teo ou a Residencia de Puentevea, o

compromiso co benestar e a dignidade das persoas maiores é unha prioridade diaria.

No caso da Residencia La Paz brindan unha asistencia individualizada para os usuarios, contando cun persoal altamente cualificado e un ambiente acoledor e familiar. A residencia érguese nun gran entorno tranquilo e relaxado, cunhas instalacións de 1000 metros cadrados e unha parcela de 5000 metros cadrados de zonas verdes, un espléndido xardín en plena natureza no que descansar e gozar. Ademais, as modernas e confortables instalacións do centro, adaptadas tamén para todas as necesidades, convirten a residencia La Paz nun exemplo de compromiso co benestar e a atención dos maiores.

Outra opción é a que brindan as instalacións da Residencia Puentevea, que presta os seus servizos no concello de Teo, onde comezou a súa actividade no ano 1988. Dende entón, o seu obxectivo foi claro: ser un centro xeriátrico



co á altura dun verdadeiro fogar, ofertando unha ampla variedade de servizos de alto nivel para persoas maiores e dependentes. A amplitude das instalacións, 10000 metros cadrados, permite cubrir as necesidades de todo tipo de persoas maiores.

Outra das máis de 300 residencias galegas é o Complexo Xeronitolóxico O Castro. Dende o centro teense búscase garantir tanto o

benestar como o coidado dos maiores con importantes recursos, tanto humanos como tecnolóxicos. Deste xeito, conta, entre outros servizos, con atención psicoloxolóxica, terapia ocupacional, xardín terapéutico, servizo relixioso, salón de peiteado, sala de convivencia, fisioterapia ou servizo de restauración, con menús elaborados e adaptados por un nutricionista ás necesidades de

Residencias de La Paz (arriba) e O Castro (esquerda). // Cedidas

cada peroa.

O envellecemento da poboación en Galicia, como en moitas outras rexións, require dunha resposta eficaz e coordinada. As residencias de maiores xogan un papel fundamental neste desafío e centros como La Paz, O Castro ou Puentevea son claves para asegurar que as persoas maiores reciban os coidados necesarios. Neste Día Internacional das Persoas de Idade, faise un chamamento a reforzar estes sistemas de atención e a valorar a contribución de quen coidan aos nosos maiores na nosa sociedade. Asimesmo, estas residencias son un exemplo do esforzo por ofrecer unha atención de calidade, pero tamén recordan que aínda que queda moito por facer para mellorar os sistemas de atención e garantir que todas as persoas maiores poidan envellecer con dignidade.

Dos razones de peso para formar parte de la familia La Paz



Asistencia individualizada para los usuarios, **personal** altamente **cualificado** y ambiente **acogedor** y totalmente **familiar**.



Entorno **tranquilo** y relajado con un gran número de zonas verdes donde poder **descansar** y pasear a gusto y **disfrutar** de la naturaleza y el buen tiempo.



981 765 570

Crucero de Roo - Lagoa, 2 • Outes • gerencia@lapazservicios.com • www.lapazservicios.com

**CENTROS DE MAYORES
LA PAZ - OUTES**

CENTRO GERIÁTRICO



Residencia
Puentevea

www.residenciapuentevea.com




981 80 91 58



986 28 99 99

**Siente
que estás
en casa**



residencia
amboage
GRUPO PONTEVEA

C-15-001542

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS DE IDADE

Un día no que fixarse nos nosos maiores

O 34º Día Internacional das Persoas de Idade pon o foco no envellecemento digno e na importancia da asistencia

ANXO BENTRÓN [SANTIAGO]

Hoxe, martes 1 de outubro celébrase o Día Internacional das Persoas de Idade, unha xornada adicada a recoñecer as contribucións deste amplo e importante grupo da poboación.

O envellecemento da poboación está transformando as estruturas sociais de todas as partes do mundo, e é que cada vez somos maiores. Actualmente, a esperanza de vida ao nacer supera os 75 anos na metade dos países do mundo, 25 anos máis que no ano 1950. Ademais, estímase que, para o ano 2030, as persoas maiores superarán en número aos xóvenes a nivel mundial.

Conforme a poboación envellee, aumenta a demanda de coidados sanitarios, especialmente entre aquelas persoas maiores que padecen enfermidades crónicas ou condicións como a demencia. O coidado das persoas maiores abarca dende o apoio médico formal, brindado por profesionais, ata a asistencia informal que pode ser proporcionada por familiares e amigos. Sin embargo, moitos sistemas de atención non están preparados para esta crecente presión, e a escaseza de coidadores, tanto remunerados como non remunerados, plantexa un desafío a nivel global de cara aos próximos anos.

Envellecer con dignidade

É por iso polo que o lema escollido para esta 34ª edición é ‘Envellecer con dignidade: reforzar os sistemas de atención e asistencia ás persoas en todo o mundo’, subliñando a urxente necesidade de

fortalecer os coidados e apoios destinados a quen conforman este importante segmento demográfico. Asimesmo, este ano destaca a importancia de fortalecer os sistemas de coidados mediante unha inversión en formación especializada en xeriatría e xerontoloxía, áreas críticas, así como fundamentais, para proporcionar unha atención adecuada a unha poboación envellecida. Ademais, destácase a necesidade de crear políticas públicas que protexan os dereitos das persoas maiores e recoñezan o valioso rol dos coidadores.

Unha celebración dende 1991

Fai case 35 anos, o 14 de decembro de 1990, a Asamblea Xeral das Nacións Unidas designou o 1 de outubro como o Día Internacional das Persoas de Idade, mais non é foi nin a primeira nin a última mostra da ONU acerca das persoas maiores.

Con anterioridade, xa existían iniciativas para favorecer as persoas de máis idade como o Plan de Acción Internacional de Viena sobre o Envellecemento, que foi adoptado pola Asamblea Mundial sobre o Envellecemento no ano 1982.

Xa no século XXI, concretamente no ano 2002, a segunda Asamblea Mundial sobre o Envellecemento adoptou o Plan de Acción Internacional de Madrid sobre o Envellecemento, buscando deste xeito dar resposta ás oportunidades e desafíos do envellecemento da poboación no novo século e para promover o desenvol-



Dúas persoas maiores pasean do brazo por unha rúa. // Iñaki Osorio



Unha persoa maior xunto a unha asistente nunha residencia. // Zowly Voeten

vemento dunha sociedade para todas as idades.

Os obxectivos marcados especialmente para este día pola ONU son incrementar o coñecemento

global da Declaración e xerar compromisos entre todas as partes interesadas para potenciar a protección dos dereitos humanos das actuais xeracións e futuras de

persoas maiores, así como compartir e aprender dos distintos modelos interxeracionais para a protección dos dereitos humanos en todo o mundo.

Cuidando de las personas mayores en un entorno envidiable.

618 450 241

Rúa Sendón
15229 AMES – A Coruña
(enfrente al cuartel de la Guardia Civil)



RESIDENCIA DE MAYORES
MILLADOIRO

YA ESTAMOS ABIERTOS

Ven a visitarnos!

Atención individualizada las 24 h.
Habitaciones individuales y dobles.

Cocina propia.

Entorno al aire libre, con vistas y parque biosaludable.

Servicio médico, enfermería, fisioterapia y podología.

Actividades de estimulación cognitiva.

Animación socio cultural.

Respiro familiar.

Plazas privadas.

TRAMITAMOS LEY DE DEPENDENCIA